

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MANCOMUNIDADE TERRAS DE PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

RESOLUCIÓN DE CREACIÓN DO SELO ELECTRÓNICO DE SECRETARÍA DA MANCOMUNIDADE TERRAS DE PONTEVEDRA

EXPEDIENTE: 2023/TERRASXEN/000015

Resolución de creación do selo electrónico de Secretaría da Mancomunidade Terras de Pontevedra

A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP) regula no seu artigo 40 os sistemas de identificación das Administracións Públicas, establecendo que poderán identificarse mediante o uso dun selo electrónico baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica. Estes certificados electrónicos incluírán o número de identificación fiscal e a denominación correspondente, así como, no seu caso, a identidade da persoa titular no caso dos selos electrónicos de órganos administrativos.

O artigo 41 da citada LRXSP define a actuación administrativa automatizada como calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración Pública no marco dun procedemento administrativo e na que non interveña de forma directa un empregado público.

Pola súa parte, o artigo 42 da LRXSP establece que no exercicio da competencia na actuación administrativa automatizada, cada Administración Pública poderá determinar os supostos de utilización, como sistema de sinatura, do selo electrónico baseado en certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica, así como do código seguro de verificación nos termos e condicións establecidos, permitíndose en todo caso a comprobación da integridade do documento mediante o acceso á sede electrónica correspondente.

O artigo 13 do Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos (RAFME), aprobado mediante Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, recolle tamén que a tramitación electrónica dunha actuación administrativa poderá levarse a cabo, entre outras formas, de xeito automatizado de conformidade co previsto no artigo 41 da Lei 40/2015. Este artigo dispón que no ámbito estatal a determinación dunha actuación administrativa como automatizada autorizarase por resolución do titular do órgano administrativo competente por razón da materia ou do órgano executivo competente do organismo ou entidade de dereito público, segundo corresponda, e publicárase na sede electrónica ou sede electrónica asociada. No eido das Entidades Locais, en caso de actuación administrativa automatizada estarase ao disposto na disposición adicional oitava do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se



regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional. De conformidade coa citada disposición adicional oitava, aos efectos do exercicio en soporte electrónico das funcións reservadas aos funcionarios regulados no presente real decreto, os postos a eles reservados terán a consideración de órganos.

O artigo 19 do RAFME, regula a identificación mediante selo electrónico baseado en certificado electrónico cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica e sinala que estes certificados electrónicos incluírán o número de identificación fiscal e a denominación correspondente, así como, no seu caso, a identidade da persoa titular no caso dos selos electrónicos de órganos administrativos.

No ámbito da Administración electrónica hai que engadir que o principio de interoperabilidade, como un dos principios que debe respectar o sector público nas súas actuacións e relacións electrónicas (artigo 2 RAFME), esixe que a remisión de expedientes a outras Administracións Públicas se realice de conformidade co Esquema Nacional de Interoperabilidade.

A Mancomunidad Terras de Pontevedra é unha entidade que conta con plena personalidade e capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins.

A implementación da Administración electrónica no funcionamento ordinario desta Administración esixe dotarse das ferramentas que o ordenamento xurídico outorga para tal fin. Mediante resolución da Presidencia da Mancomunidad Terras de Pontevedra, de data 18 de maio de 2023, creouse o Taboleiro de edictos electrónico da Mancomunidad. Para a acreditación da autenticidade, integridade e dispoñibilidade dos anuncios no taboleiro de edictos electrónico procede a definición dunha actuación administrativa automatizada e o emprego dun selo de órgano no momento en que se incorpora o anuncio ao taboleiro de edictos. O selo de órgano a empregar debe ser o selo da secretaría da Mancomunidad Terras de Pontevedra, dado que corresponde á Secretaría dispoñer que se publiquen, cando sexa preceptivo, os actos e acordos da Entidade local nos medios oficiais de publicidade, no taboleiro de anuncios da mesa e na sede electrónica (artigo 3.2.j) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional).

En consecuencia, sendo preciso a declaración de actuación administrativa automatizada para a publicación de anuncios no taboleiro de edictos electrónico e a creación do selo electrónico de Secretaría da Mancomunidad Terras de Pontevedra, en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Declarar como actuación administrativa automatizada a publicación de anuncios no taboleiro de edictos electrónico da Mancomunidad Terras de Pontevedra.

Segundo.- Os órganos responsables en relación coa actuación administrativa automatizada sinalada no apartado primeiro serán:



Luns, 3 de xullo de 2023

Núm. 127

a) A Secretaría da Mancomunidad Terras de Pontevedra, como órgano responsable na definición das especificacións destas actuacións administrativas automatizadas.

b) O Servizo de Informática do Concello de Pontevedra como responsable na programación, mantemento, revisión e control de calidade e, no seu caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte.

c) A Secretaría da Mancomunidad Terras de Pontevedra, como órgano responsable a efectos da súa impugnación.

Terceiro.- Crear o Selo Electrónico de Secretaría da Mancomunidad Terras de Pontevedra coas seguintes características:

- O órgano titular do Selo é a Secretaría da Mancomunidad Terras de Pontevedra.
- O NIF da Administración á que pertence o órgano titular do Selo é P3600035D.
- Características técnicas xerais:
 - O certificado será conforme ao regulamento da UE 910/2014 relativo a identificación e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e a súa normativa de desenvolvemento (eIDAS).
 - O certificado será emitido pola Autoridade de Certificación AC CAMERFIRMA S.A. a través do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da administración electrónica na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Trátase dun certificado de selo electrónico de nivel medio AAPP con indentificación nas políticas de sinatura de AC Camerfirma S.A. con código de perfil 344.
 - Determínase a seguinte información, que virá empotrada no certificado electrónica para determinar a identidade electrónica do mesmo conforme a política de certificados electrónica:
 - Denominación del sistema o aplicación de proceso automático [OID 2.3.2.5] : SELO ELECTRÓNICO
 - Responsable del certificado [O.I.D. 2.3.2.6-8] : se determina a persoa física titular da responsabilidade das tarefas automatizadas, que é o secretario da Mancomunidad Terras de Pontevedra

- A validación do certificado realizase a través da Plataforma VALIDE da Administración Xeral do Estado, accesible no enderezo electrónico <https://valide.redsara.es/valide/>.

- O selo utilizarase como sistema de firma electrónica para a identificación e autenticación na actuación administrativa automatizada de publicación de anuncios no taboleiro de edictos electrónico da Mancomunidad Terras de Pontevedra.

Cuarto.- A presente resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Así o dispón e ordena o Presidente da Mancomunidad, ante o Secretario da Mancomunidad que da fe da presente resolución.

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.

